PSG PSOE
GRUPO MUNICIPAL

CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL
13 FEB. 2017
Entrada nº: 710
Saída nº:

Mª Teresa García Guillán, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello da Pobra do Caramiñal, o abeiro do disposto no art. 97/3 do R.O.F., para o seu debate na vindeira sesión plenaria, presenta ó Pleno unha moción relativa á "couza guatemalteca"e os seus efectos no cultivo da pataca.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A praga denominada "couza guatemalteca da pataca", provocada polo organismo nocivo denominado "Tecia solanivora Povolny ou Scrobipalpopsis solanivora Povolny", é unha das de maior importancia económica no cultivo da pataca en América Central, de onde é orixinaria, e nos países de América do Sur, nos cales se foi introducindo. En Europa foi observada e identificada nas Illas Canarias no ano 1999, chegando a producir en algunhas campañas perdas próximas ao 50 % da produción total.

A praga foi detectada en Galicia en Agosto do 2015, nos Concellos de Ferrol, Narón e Neda. Estendéndose o territorio delimitado a Cervo, Foz, Xove, O Valadouro e Viveiro mediante a Resolución de 25 de febreiro de 2016 da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

Mediante Resolución do 2 de febreiro de 2017, publicada no DOG o luns 6 de febreiro amplíase a zona ós Concellos de Valdoviño, San Sadurniño, A Capela, Fene, Mugardos, Ares, Cabanas, Ortigueira, Mañón e As Pontes de García Rodríguez na Provincia da Coruña e a diversos concellos da Provincia de Lugo, quedando afectados: O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Barreiros, Ribadeo, Trabada, Lourenzá, Mondoñedo, Alfoz, O Valadouro, Ourol, Abadín, A Pastoriza, Riotorto e A Pontenova.

Segundo declaracións da Directora Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias o Ministerio de Agricultura está a redactar un Real Decreto que recolle a prohibición de realizar novas plantacións nas zonas determinadas pola devandita Resolución.

Sen lugar a dúbidas a pataca é un dos produtos máis característicos da nosa comunidade, tanto pola cantidade coma pola súa calidade, tanto é así que existe o recoñecemento da Indicación Xeográfica Protexida "Pataca de Galicia", que

debido a esta praga corre un grave risco, xa que logo, de entre os concellos afectados pola delimitación, moitos deles pertencen á subzona Terra Chá- A Mariña.

Ademais é de resaltar a gran cantidade de fogares que cultivan para o seu autoconsumo este produto así coma para a súa comercialización o que supón un dos factores económicos clave para o noso rural.

Debido a que a temporada de plantación da pataca está a piques de comezar e a inseguridade xurídica que trae consigo o anuncio deste futuro real decreto de prohibición de plantacións o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno a adopción dos seguintes

**ACORDOS:**

1º Instar a Xunta de Galicia a **dispor da partida orzamentaria suficiente** para proceder ás oportunas indemnizacións que deriven da campaña oficial de erradicación.

2º Instar a Xunta de Galicia a poñer en marcha un **Plan de investigación científica** a través dun convenio coa universidade e/ou centros de investigación que colaboren no desenvolvemento de medidas axeitadas para erradicar e controlar a praga da couza guatemalteca.

3º Instar á Consellería de Medio Rural a establecer un **Plan informativo** sobre a praga, as medidas a tomar para o seu control e no seu caso, o plan de indemnizacións aos agricultores afectados.

Pobra do Caramiñal, a 12 de febreiro de 2017.

Asdo..- Mª Teresa García Guillán

**ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL.**